

Unha aventura conxunta...

Coñece máis sobre o programa Apego na web [www.apego.gal](http://www.apego.gal) ou na páxina de facebook Apego

Se estades a agardar un bebé..., parabéns!, podedes achegarvos polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames para inscribiros no proxecto Apego e recibirdes os agasallos de benvida! :-)

Se tedes fillas ou fillos de ata 6 anos, tamén podedes dirixirvos ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribiros no programa Apego e así recibirdes información sobre todas as actividades e recursos.



**+info:**

Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Ames  
Pazo da Peregrina (Bertamiráns)  
662 377 215  
[normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal)  
[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)



[www.apego.gal](http://www.apego.gal)

Novembro

*Nube nube sol*

**Teatro ao Cubo**

Venres 29, ás 17:00 h (1ª sesión) e ás 18:00 h (2ª sesión)

Casa da Cultura do Milladoiro



A través do corpo, o xesto, o canto e a música, Teatro ao Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre. Ao amparo dos paraugas atoparemos agocho, bailaremos e cantaremos acompañados doutros personaxes.

De 0 a 4 anos (30 asistentes por sesión máis acompañantes). Entradas: @Billeiteira. +INFO: Cultura

Decembro

*Contacontos na biblioteca*

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h



• **Parabéns para ti...**

Mércores 11. Biblioteca de Bertamiráns

Xoves 12. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde. + INFO: Biblioteca

*Picadiscos MariFaltri*

Venres 13, ás 18:00 h

Pazo da Peregrina de Bertamiráns



Sesión de discoteca con música infantil para que os cativos e cativas non deixen de cantar e bailar, ao tempo que aprenden cancións da man dos libros da minibiblioteca ambulante de MariFaltri.

De balde. INSCRIPCIÓN PREVIA do 4 ao 12 de decembro enviando un correo a [normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal). +INFO: SNL

Decembro

*Feira das linguas*

**Lydia Botana**

Xoves 26, ás 18:00 h

Casa da Cultura do Milladoiro



Teatro musical para que os nenos/as se acheguen á historia da lingua desde os ritmos máis actuais, co obxectivo de promover o galego entre as novas xeracións.

A partir de 5 anos. Entradas: @Billeiteira. +INFO: SNL

*Baila Roque baila*

**Baobab Teatro**

Venres 27, ás 18:00 h

Casa da Cultura de Bertamiráns



Un espectáculo participativo con para gozar contando, cantando e bailando.

A partir de 1 ano. Entradas: @Billeiteira. +INFO: Cultura

INFORMACIÓN DE ACTIVIDADES

**Concello de Ames** Praza do Concello 2  
T: 981 883 002

**Cultura** Casa da Cultura do Milladoiro  
T: 981 535 940 [cultura@concellodeames.gal](mailto:cultura@concellodeames.gal)

**Biblioteca** [biblioteca@concellodeames.gal](mailto:biblioteca@concellodeames.gal)  
T: 981 530 807 (O Milladoiro) | 981 884 829 (Bertamiráns)

**Servizo de Normalización Lingüística**  
[normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal) T: 662 377 215

@Billeiteira [abilleiteira@concellodeames.gal](mailto:abilleiteira@concellodeames.gal)

setembro

outubro

novembro

decembro

Programación infantil con

**apego**

Ames 19

- Pita cega,  
que perdiches?  
- Unha agulla  
e un dedal.  
- Dá tres voltas  
ao redor  
que xa os  
atoparás:  
unha,  
dúas,  
tres!



# Setembro

## Brincadeiras Muiúñas

### Cé Orquestra Pantasma

Mércores 4, das 18:00 ás 20:00 h  
Parque dos Piñeiros do Milladoiro  
Xoves 5, das 18:00 ás 20:00 h  
Pazo da Peregrina de Bertamiráns



Música, xogo libre e obradoiro de creación de xoguetes.

Unha oportunidade para descubriremos outras formas de brincar e de pasar o tempo sen necesidade de sofisticados aparellos e coa natureza como espazo para o xogo, o lecer e a felicidade.

A partir de 2 anos. Non é preciso inscrición previa.  
+ INFO: SNL

## Contacontos na biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h



• **A maxia dos contos**  
Mércores 18.  
Biblioteca de Bertamiráns  
Xoves 19.  
Biblioteca do Milladoiro  
De 3 a 8 anos.  
Entrada libre e de balde.  
+ INFO: Biblioteca

## Foliada con Apego

### Con Pablo Díaz e Olga Kirk

Venres 27, ás 18.00 h

Pazo da Peregrina de Bertamiráns

# FOLIADA

a<sup>pego</sup>

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar e ir aprendendo unha chea de cantos de noso.

Familias con nen@s sen límite de idade. De balde.  
INSCRICIÓN PREVIA do 18 ao 26 de setembro enviando un correo a normalizacion@concelodeames.gal.  
+INFO: SNL

# Outubro

## Contacontos na Biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h



• **Dada o Duende**  
Mércores 2. Biblioteca do Milladoiro  
Xoves 3. Biblioteca de Bertamiráns

• **Contos que veñen e van**  
Mércores 16. Biblioteca de Bertamiráns  
Xoves 17. Biblioteca do Milladoiro

• **Diagnosticando a igualdade**  
Martes 29. Biblioteca de Bertamiráns  
Mércores 30. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.  
+ INFO: Biblioteca

## Nano vai á escola



**Raquel Queizás**  
Venres 4, ás 18:00 h  
Casa da Cultura do Milladoiro

Nano é unha ra pequena, unha ra que vive cada día unha nova aventura, porque cando se é tan pequena ata as cousas máis sinxelas se convirten nun reto.

Desta volta, Nano comeza a etapa escolar e descobre que ter personalidade e lingua propia pode ser un gran apoio.

De 1 a 6 anos. INSCRICIÓN PREVIA do 24 de setembro ao 3 de outubro enviando un correo a normalizacion@concelodeames.gal. +INFO: SNL

## Comenxites



**Os Náufragos Teatro**  
Venres 11, ás 17:00 h (1ª sesión) e ás 18:00 h (2ª sesión)  
Casa da Cultura de Bertamiráns

Unha fermosa historia coa que as crianzas descubrirán os misterios da existencia do día e da noite.

De 2 a 5 anos (30 asistentes por sesión máis acompañantes). Entradas: @Billeteira.+INFO: Cultura

## Festival de maxia: Maxia de Estrelas



**Abarajar Producciones**  
Venres 25, sábado 26 e domingo 27, ás 17:00 h

Casas da Cultura de Bertamiráns e Milladoiro

Tres días cheos de maxia para todos os públicos con obradoiros, espectáculos e galas máxicas.

Todos os públicos. Entradas: @Billeteira.  
\*Elaborase un programa específico. +INFO: Cultura

# Novembro

## O home do saco e outros contos de menos medo

### Celso F. Sanmartín

Venres 8, ás 17:00 e ás 18:00 h  
Pazo da Peregrina de Bertamiráns



Hai medos que nos defenden de atrevernos demasiado, por iso, ás veces, arrodamos para non pasar por onde o camiño se pon escuro porque pensamos que o lobo nos agarda nel ou un ladrón ou a curuxa ou o silencio simplemente... Pero o lobo e o ladrón e a curuxa e o silencio fuxiron, porque sentiron os nosos pasos e colleron medo.

A partir de 3 anos. (30 familias por sesión). De balde.  
INSCRICIÓN PREVIA do 30 de outubro ao 7 de novembro, enviando un correo a normalizacion@concelodeames.gal. +INFO: SNL

## Contacontos na Biblioteca

Todos os contacontos comezan ás 17:30 h



• **Lembranzas da Carolina**  
Mércores 13. Biblioteca do Milladoiro  
Xoves 14. Biblioteca de Bertamiráns

• **Contando en feminino**  
Mércores 27. Biblioteca do Milladoiro  
Xoves 28. Biblioteca de Bertamiráns

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.  
+ INFO: Biblioteca

## Quen canta Ali?

### Luís Prego e Fabaloba

Xoves 14, ás 17:00 e ás 18:00 h  
Pazo da Peregrina de Bertamiráns



# Novembro

Unha nova aventura da nena Ali, desta volta canda unha avoíña moi especial que nos vai abrir os ollos e as orellas para saber quen canta alí.

Ademais descubriremos unha chea de recursos atractivos para compartir en familia.

Familias con nenos de 0 a 6 anos (30 familias por sesión). De balde. INSCRICIÓN PREVIA do 6 ao 13 de novembro enviando un correo a normalizacion@concelodeames.gal. + INFO: SNL

## Cinema Crianza

Venres 15, sábado 16 e domingo 17  
Casas da Cultura de Bertamiráns e Milladoiro



Un festival internacional de cine infantil e familiar para promover o gusto polo cinema entre os máis cativos. Haberá ademais actividades paralelas como sesións musicais, obradoiros... que converterán as crianzas en creadoras e participantes activas.

Público infantil e familiar. Entradas: @Billeteira.  
\*Elaborase un programa específico. +INFO: Cultura

## Obradoiro de arrolos con Mamá Cabra

### Gloria Mosquera e Diego Maceiras

Venres 22, ás 18:00 h

Pazo da Peregrina de Bertamiráns



Aprenderemos arrolos cos que adormecer, aleitar..., e gozar da música nos primeiros días e meses de vida.

O grupo Mamá Cabra ten como obxectivo cantar, bailar e transmitir o gusto pola música ás crianzas e este obxectivo comeza nas voces das súas familias coas que comparten estas cancións para arrolar en galego.

Futuros papás e mamás e familias con nenos de 0 a 3 anos. De balde. INSCRICIÓN PREVIA do 14 ao 21 de novembro enviando un correo a normalizacion@concelodeames.gal.  
+ INFO: SNL